



Máis de 10.000 alumnos/as de 165 centros escolares participarán nas videoconferencias organizadas pola CGENDL no Día da Ciencia en Galego

A Coordinadora Galega de ENDL organiza dúas videoconferencias vía web con motivo da celebración do II Día da Ciencia en Galego o vindeiro venres 4 de novembro.

Dona María Isabel Fraga Vila, directora do Museo de Historia Natural da USC, e don Ángel Carracedo, Catedrático de Medicina Legal e director do Instituto de Medicina Legal Ángel Carracedo, falarán para o alumnado de Primaria e Secundaria respectivamente, que terá a posibilidade de interaccionar cos relatores a través dun chat.

O Día da Ciencia en Galego ten como obxectivo mostrar que a lingua galega é un idioma apto para o desenvolvemento das materias científico-técnicas no ensino, ámbitos excluídos para o galego en diferentes niveis educativos segundo o Decreto para o Plurilingüismo.

No marco das actividades do II Día da Ciencia en Galego que se celebra este venres 4 de novembro, a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística ofreceulle aos centros de ensino non universitario a posibilidade de participar en dúas videoconferencias que serán posibles grazas á colaboración do Servizo de Normalización Lingüística e a Área Multimedia e TIC da Universidade de Santiago de Compostela.

Na primeira das videoconferencias, que comezará ás 10:30, **M^a Isabel Fraga Vila**, profesora e membro da cátedra de Botánica da USC e directora do Museo de Historia Natural da universidade, ofrecerá una charla para o alumnado de ensino primario baixo o título **“Sabes por que 2011 é o Ano Internacional dos Bosques?”**. Dúas horas máis tarde, ás 12:30 e tamén cunha duración dunha hora, dará comezo a videoconferencia dirixida ao alumnado de ensino secundario co título **“Aplicacións da investigación xenética: o seu uso na práctica policial”**, cuxo relator será o profesor **Ángel Carracedo**, Catedrático de Medicina Legal e director do Instituto de Medicina Legal e do Grupo de Medicina Xenómica da USC, que falará para os estudantes desde a cidade brasileira de Natal, onde se encontra como relator nun congreso internacional de especialistas sobre a materia.

A resposta dos centros educativos está sendo moi boa e superou as expectativas da organización, posto que xa se cubriron as 100 conexións existentes para os centros de secundaria e algo máis de 60 para os centros de Primaria. En total, serán algo máis de 10.000 rapaces e rapazas de toda Galicia os que seguirán as intervencións dos conferenciantes, aos que lle poderán dirixir preguntas a través dun chat na propia sala virtual da videoconferencia.

Con esta actividade, e outras presenciais que se organizan nos centros escolares e na propia universidade compostelá, preténdese que o alumnado aprenda ciencia sen ningún tipo de prexuízos, nin sobre a ciencia, nin sobre as posibilidades de aprendizaxe da ciencia en calquera idioma. Os colectivos convocantes queren expresar deste xeito que as linguas, neste caso o galego, se aprenden usándoas en todos os contextos, tamén nos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, a pesar de que a Consellería de Educación a exclúise como lingua vehicular de diferentes materias destes ámbitos coa aplicación do Decreto para o Plurilingüismo.